

ISTO NON É UN
EPÍLOGO

Prof. Dr. Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor



Sintetizar nunhas liñas, función esta dun epílogo, o cuarto de século de existencia da Facultade de Dereito do campus de Ourense, semella unha tarefa certamente complicada se se quere deixar constancia de todos os fitos, relevantes ou non, que conforman a súa historia. Dado que este labor realizouse de xeito pormenorizado por parte dos meus antecesores neste volume, vanme permitir que “desobedeza” o encargo que me foi encomendado coa redacción deste epílogo, para deixar constancia neste texto, non do que ata o de agora foi a Facultade de Dereito, senón do que confío chegará a ser.

Tras vinte e cinco anos de actividade, a Facultade despedirá ao remate deste curso á que será a súa terceira promoción de graduados e graduadas en Dereito, así como ao alumnado que finalice os seus estudos de máster e doutoramento. Novos titulados e tituladas que virán a sumarse ás dúas promocións de graduados e graduadas que os antecederon e estas, á súa vez, ás 19 promocións da Licenciatura en Dereito, que curso tras curso saíron das aulas do centro, no que recibiron unha formación polivalente que lles permite exercer como avogados, xuíces, notarios, rexistradores da propiedade ou inspectores de facenda. Situándonos nun futuro algo máis afastado, só haberá que agardar ata o curso 2017-2018 para saudar á primeira promoción do programa conxunto ADE-Dereito que xa se está a impartir na facultade coa multidisciplinarietàade e o valor engadido como sinais de identidade.

Inmersa no proceso de certificación da súa xestión, a Facultade de Dereito continuará fomentado a formación e o intercambio de pareceres coa celebración de seminarios, congresos e conferencias nos que o persoal docente e investigador, así como o alumnado, poderá interactuar con expertos doutras institucións académicas e ámbitos do coñecemento ou da xestión. Cómpre destacar neste sentido a gran sensibilidade manifestada sempre polo profesorado e investigadores do centro con cuestións que afectan e preocupan non só á comunidade universitaria, senón tamén á sociedade, tal é o caso da violencia de xénero, a mediación, as saídas profesionais ou mesmo a comunicación, obxecto todas elas de xornadas celebradas ao longo dos anos na facultade.

Esta mesma receptividade cos temas que dun xeito máis directo preocupan á sociedade, tamén atopa reflexo en moitos dos traballos dos grupos de investigación que desenvolven a súa actividade no centro. A relación das novas tecnoloxías cos dereitos humanos, os estudos de xénero, a competencia ou a cooperación xurídica internacional, son só algunhas das liñas de traballo dos grupos de investigación que exemplifican esa conexión do persoal investigador da facultade coa realidade social. Este é o camiño a seguir, o que reforza o vínculo entre a universidade e a sociedade na que se insire e que demanda institucións académicas apegadas á realidade.

Somos unha universidade que dende hai anos aposta firmemente pola internacionalización e a especialización, sinais de identidade que a Facultade de Dereito tamén está a facer seus, como confirma a súa aposta polo plurilingüismo, así como pola elección que deste centro fai o alumnado estranxeiro que opta por cursar parte das súas titulacións lonxe das súas universidades de orixe. En canto á especialización, esta ten un nome propio no caso de Ourense: Campus da Auga. Este proxecto institucional que traballa en torno a auga cunha visión multidisciplinar, constitúe unha gran oportunidade, tamén para a Facultade de Dereito, dentro dun proceso irreversible de singularización do campus, co obxectivo de proporcionarlle unha imaxe de marca internacional, relacionando as súas capacidades coa realidade socioeconómica da cidade e da comarca.

Agradezo que investigadores e investigadoras da Facultade de Dereito, tanto a título individual, como a través do grupo ao que pertencen, estean xa integrados nos dous clústers que integran o Campus da Auga: o que comprende os campos da alimentación, medio ambiente e tecnoloxía, así como que centrará a súa actividade no turismo, o termalismo, o patrimonio, a xestión da auga como recurso e a innovación social e educativa. Non obstante, non debemos esquecer que Campus da Auga é moito máis e de aí a necesidade de atopar “cómplices” que nos permitan impulsar accións concretas nos ámbitos da transferencia, a docencia, a internacionalización, así como no da cultura e o da innovación educativa.

Pero máis aló do Campus da Auga, o futuro do campus de Ourense e nomeadamente da Facultade de Dereito, pasa tamén pola oportunidades que achegan o programa Horizonte 2020 e a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3). A creación dunha ciencia de excelencia, o desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a competitividade europea e a investigación das grandes cuestións que afectan á cidadanía europea, obxectivos estratéxicos estes do programa H2020, abren liñas de acción aos nosos investigadores e investigadoras, que contan ademais cunha área específica de traballo no ámbito das Ciencias Sociais e Humanidades. Outro tanto sucede co RIS3 e os tres retos que comprende: a xestión innovadora de recursos naturais e culturais, o modelo industrial da Galicia do futuro e o novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

Comezaba a miña participación neste volume conmemorativo do 25 aniversario da Facultade de Dereito manifestando a miña intención de converter o epílogo, que inicialmente me correspondía redactar, nun exercicio de futuro, o que lle agarda a un centro, que, como confío lle ocorrerá á Universidade á que pertence e coa que comparte celebración, non pode se non ser bo. Ese é o noso empeño. Para iso traballamos día a día, tal e como fixeron os nosos antecesores e continuarán a facer os que nos sucedan.

Parabéns ao actual equipo decanal e aos que o precederon, así como a todo o persoal docente e investigador e de administración e servizos que ao longo destes 25 anos desenvolveu ou está a desenvolver o seu labor na facultade. Grazas pola vosa profesionalidade. E grazas a todo o alumnado que durante este tempo confiou no centro para formarse, así como aos organismos e empresas que buscan no centro resposta as súas necesidades. Grazas, por que entre todos, seremos quen celebrar moitos máis aniversarios!